

TEMA 3. OS SISTEMAS ECONÓMICOS:

DEFINICIÓN: Conxunto de normas que rexen a produción e os intercambios dos bens e os servizos, e que afecta todos os componentes das actividades económicas.

Na actualidade predominan o sistema capitalista e o sistema mixto. A continuación explicaremos os principais sistemas económicos que existen no mundo:

1. O SISTEMA CAPITALISTA:

– Principais características:

- a) Economía de mercado rexida pola lei da oferta e a demanda.
- b) Existe libre iniciativa para crear empresas e a propiedade privada.
- c) Defensa da libre actuación dos axentes económicos (Persoas, Empresas e o Estado).
- d) Procura do máximo beneficio.
- e) As crises de **sobreproducción** son de carácter cíclico e repítense cada certo tempo.

2. ECONOMÍAS PLANIFICADAS OU SOCIALISTAS:

– Principais características:

- a) A actividade económica está regulada polo Estado, que decide que bens deben producirse, en que cantidades, cal debe ser o prezo de venda e que salarios deben pagarse. (a economía está planificada desde o Estado).
- b) Propiedade estatal das empresas e dos medios de produción (recursos necesarios para a realización da actividade económica).
- c) Planificación económica polo Estado.
- d) Procura da igualdade social.

3. AS ECONOMÍAS MIXTAS OU OS ESTADOS DO BENESTAR:

- a) Sistema rexido polos principios básicos do capitalismo, no entanto o Estado intervéñ na economía para regular o funcionamento do mercado (cando se dá unha crise e co obxectivo de corrixir as desigualdades sociais).
- b) Sistema asociado ao **estado do benestar**. Nel, o Estado promove un reparto máis equitativo da riqueza mediante un sistema fiscal progresivo e apoio aos servizos públicos.